

ACTA DE APERTURA DO “SOBRE B” DENOMINADO “CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. REFERENCIAS TÉCNICAS” DO SERVIZO DE PSICOMOTRICIDADE EDUCATIVA E PREVENTIVA DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 11:30 horas do día 3 de maio de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do “PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO DE PSICOMOTRICIDADE EDUCATIVA E PREVENTIVA DO CONCELLO DE AMES.

ASISTENTES:

Presidente:

David Santomil Mosquera, concelleiro delegado de Educación e Cultura.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames

Margarita Fernández Sobrino, interventora do Concello de Ames

José Rogelio Pardo Martínez, xefe do servizo de contratación do Concello de Ames

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Ríos, auxiliar administrativa do Departamento de Contratación

En representación da empresa licitadora OSVENTOS Innovación en Servizos SL asiste José Negreira Suárez, DNI 45.848.700-V.

Na sesión da mesa de contratación de data 26 de abril de 2017, procedeuse á apertura dos sobres “A”, que contiñan a documentación administrativa, obtendo o seguinte resultado:

Empresa	
MEDRANDO XUNTOS S.C.P.	Admitida
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)	Admitida
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	Admitida
ATLANTIC PONTE 2000,S.L.U.	Admitida

A continuación procédese a apertura dos sobres B que conteñen as referencias técnicas dos seguintes licitadores declarados admitidos:

Empresa
MEDRANDO XUNTOS S.C.P.
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.
ATLANTIC PONTE 2000,S.L.U.

Unha vez aberta a documentación e examinada polos membros da mesa de contratación, comprobouse que as empresas admitidas presentan todas a documentación esixida de acordo co disposto nos pregos que rexen a contratación do servizo, e esta, por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO.- Nomear como técnico responsable da valoración das referencias técnicas do

procedemento en curso a Carmen Reboredo Grobas, técnica do departamento de Educación deste concello.

SEGUNDO.-Remitir as proposicións técnicas anteriormente indicadas para a súa valoración e puntuación antes do acto de apertura de ofertas económicas e de acordo cos criterios e a ponderación establecidos no prego.

TERCEIRO.- Unha vez valorados os criterios subxectivos que se conteñen no "Sobre B" do procedemento, procederase a publicar con 2 días de antelación no perfil do contratante e no taboleiro de edictos do concello a data e lugar do acto público de apertura dos "Sobres C" que conteñen as ofertas económicas.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto sendo as 12 horas, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria da mesma certifico.

